



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcdgalega@gmail.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcdgalega@gmail.com



ACTA 2/2023

REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL

ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 02 DE XULLO DE 2023.

En Santiago de Compostela, en data do 07 de Xullo de 2023 e de forma telemática, reúnese a Asemblea Xeral desta Federación **con carácter extraordinario** en segunda e derradeira convocatoria, ás 10:00 horas, baixo a presidencia de D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE:

D. Enrique Freire Sobral

SECRETARIO:

D. Manuel Rey San Luis

TESOUREIRO:

D. José R. Costas Carbajal

ESTAMENTO DE CLUBS:

D. MANUEL FERNANDEZ MALLO (C.C. Herculino) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz**

D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)

D. ENRIQUE GARCÍA RODRÍGUEZ (C.C.Pombas do Val Miñor)

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA (C.C. Mensajeras de Cambre)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)

D. ALFONSO M. POZACO GONZALEZ (C.C.Porriño)

D. DANIEL RODRIGUEZ DOPAZO (C.C.Alas Compostelanas)

D. CARLOS GARCIA BALBOA (C.C.Pombas do Salnés)

D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C.Lucense)

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS

D. JESUS RODRIGUEZ COSTAS

D. ANGEL TORRE IGLESIAS

D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



D. MANUEL VILABOA ALMEIDA
D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO

ESTAMENTO DE XUCES:

D. OSCAR SANJURJO GONZALEZ

Escusan a súa asistencia:

D. JAIME M.LÓPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)
D. JOSE M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Pombas Mensaxeiras de Nigran)
D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ria de Pontevedra)
D. JAVIER LAGOA FERNANDEZ (C.C.Pombas Mensaxeiras de Narón)
D. RAMON IGLESIAS FERNANDEZ (C.C.Pombas Da Mariña)
D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ (Estamento de Deportistas)
D. PEDRO BECERRA GONZALEZ (Estamento de Xuices)
D. JESUS O. BUDIÑO PEREIRA (Estamento de Deportistas)

Autorízase a asistencia a esta reunión como convidado a D. Antonio Camilo Pereiro Francés (presidente do Comité Deportivo) con voz pero sen voto.

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior**
- 2.- Exposición Luso-Galaica 2023**

Primeiro.- LECTURA E APROBACION SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.

Os asistentes coñecen a acta nº 1 da reunión anterior de data 27 de Maio de 2023, o Sr. Secretario fai intervención en canto a este punto para dicir que nesta acta hai un erro xa que na mesma non aparece como membro asistente Daniel Rodríguez Dopazo polo estamento de clubs.

O Sr. Alfonso Pozaco volve a comentar nesta reunión que a acta que se aprobou na reunión anterior, non correspondería aprobala xa que se aprobou na reunión da Asamblea celebrada o día 10 de Decembro de 2022. Unha vez comprobada esta incidencia por parte do secretario, reconócese dito erro nas aprobacións de actas anteriores, comprometéndose a subsanarse na próxima reunión.

Tamén comenta o Sr. Pozaco que se debería reflectir na acta do acordo falado na reunión anterior en canto a obriga de comunicar as pombas de gran fondo.

Tómase nota destas apreciacións e aprobase esta acta cos votos en contra do Sr Alfonso M. Pozaco González e do Sr. Daniel Rodríguez Dopazo.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcbgalega@gmail.com



Segundo.- EXPOSICIÓN LUSO-GALAICA 2023.

Toma a palabra o Sr. Camilo Pereiro para poñer en coñecemento dos membros asistentes da proposta feita por parte dos distritos colombófilos de Viana e Braga para a celebración de forma conxunta ca nosa federación dunha exposición de pombas os días 2 e 3 de Decembro, explicando e matizando en que consistiría a nosa participación.

Unha vez rematada esta intervención, toma a palabra o Sr. Tesoureiro para saber o custo económico desde evento e como se faría fronte a este gasto.

Logo de varias intervencións por parte dos membros asistentes sobre este tema, lévase a cabo unha votación sobre a nosa participación neste evento, dando como resultado esta votación:

8 Votos a favor

7 Abstencións

2 Votos en Contra: Sr. Daniel Rodríguez Dopazo e Sr. Rafael Piñeiro Rodríguez.

Por conseguinte queda aprobada a participación nesta exposición, alcánzándose os seguintes acordos:

- A Federación sufragará uns gastos totais de hasta 300.- € para a organización de este evento.
- Solicitar á Comisión de Xuíces a participación de 2 xuíces autonómicos para a actuación nesta exposición e posiblemente 2 xuíces máis como anotadores.
- A participación nesta exposición será de xeito voluntario e non obrigatorio

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-